



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 318/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	ORDINARIA
Data da Sesión:.....	26 de SETEMBRO de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	09:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE XULLO DE 2009.**
2. **APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CONTA XERAL 2008.**
3. **FIXACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS.**
4. **RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2009**
5. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS INVESTIMENTOS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ANUALIDADE 2010.**
6. **MODIFICACIÓN ORDENANZA RECOLLIDA DE LIXO.**
7. **REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**
8. **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**
9. **MOCIÓNS.**
10. **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN (14/2009) E DECRETOS DE ALCALDÍA (204/2009 a 315/2009).**
11. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 18 DE XUÑO DE 2009 ATA O 27 DE AGOSTO DE 2009.**
12. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese este decreto ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 23 de setembro de 2009.

O alcalde,

D^a Mariano Iglesias Castro.

Ante min,
O secretario,

D Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 26 de setembro de 2009, sendo as nove horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

Abre a sesión o Sr. Alcalde, agradecendo a todos os Sres Concelleiros a conformidade no cambio de data do Pleno ordinario, anticipándoo unha semana, ós efectos de que non coincida cos actos previstos para o vindeiro fin de semana relacionados coa inauguración do museo das Brañas da Valga, sinalando asimesmo que todos os presentes están invitados.

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE XULLO DE 2009.

Pregunta o Sr. Alcalde se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2008.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

En cumprimento do artigo 201 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece que a suxeición o réxime de contabilidade pública leva consigo a obrigaición de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a natureza, o Tribunal de Contas.

Sometida a Conta Xeral, tal e como esixe o artigo 212 do RDL 2/2004, a Comisión Especial de Contas o día trinta e un de xullo de 2009, informada favorablemente pola mesma, sometida a información pública xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por un período de 15 días, e oito máis a efectos de reclamacións, non habendo ningunha reclamación, reparo ou observación o respecto.

Sendo necesario someter a Conta Xeral, unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, ó Pleno da Corporación para a súa aprobación,

Propoño ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a Conta Xeral desta Entidade correspondente o exercicio económico do 2008.*

Segundo.- *Render a Conta Xeral da Corporación o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.*

En Mesía, a 23 de setembro de 2009. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Cede a palabra o Sr. Alcalde ós voceiros dos distintos grupos municipais, por si queren manifestar algo ó respecto, engadindo algunha consideración ó xa manifestado na Comisión de Contas.

Manifesta o Sr. Pedreira que o seu grupo ratifícase na postura xa manifestada na Comisión de Contas, e vaise abster, e manifesta o Sr. Álvarez que o seu grupo tamén vaise abster.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: seis votos a favor, correspondentes ós concelleiros do PsdeG-PSOE, e cinco abstencións, correspondentes ós concelleiros pertencentes ós grupos municipais do PP e do BNG.

3. FIXACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS.-

O Secretario da lectura da proposta da Alcaldía, que, literalmente, di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste Concello para o ano 2010.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Propoñer como días festivos locais para o ano 2010, o día 16 de febreiro, martes de Entroido; e o venres 6 de agosto, San Salvador.*

Segundo.- *Darlle traslado do presente acordo ó Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar.*

MESÍA, 23 de setembro de 2009. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que neste Concello habitualmente fíxase o martes de Entroido e San Antonio ou San Isidro, pero no ano 2010 estes dous coinciden en sábado, polo que se propón a data do 6 de agosto.

De seguido toma a palabra o Sr. Pedreira dicindo que vai votar a favor, pero que podería sinalarse outra data, xa que en agosto moita xente xa está de vacacións.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2009.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a necesidade de facer fronte ó compromiso adquirido en acordo plenario do concello de Mesía de data 30 de agosto de 2000, relativo á aportación municipal á iniciativa LEADER + da Comarca de Ordes, logo dos requerimentos da propia Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, no que se pon de manifesto que, tras as aportacións anuais da Deputación Provincial, a débeda reducíuse ata 45.000 euros, e visto que se acadou crédito suficiente e axeitado tras a modificación orzamentaria aprobada polo Pleno deste Concello en sesión de data 13 de maio de 2009.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargantes, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extrajudicial de créditos.

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril proponho ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:

TITULAR	CONCEPTO	IMPORTE €	PART.
ASDECOMOR	Aportación municipal á iniciativa LEADER + da Comarca de Ordes	45.000,00	9.48

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2009 o correspondente crédito por importe de 45.000,00 euros, con cargo á partida 9.48 das cales realizouse a correspondente retención.

En Mesía, a 23 de setembro de 2009. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que este asunto xa motivou que no pasado Pleno se fixera unha modificación orzamentaria ó efecto de acadar crédito suficiente para pagar a débeda que se ven acumulando dende o ano 2000. Como xa saben eu propuxen un fraccionamento da débeda pero non foi aceptada pola entidade bancaria afectada.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS INVESTIMENTOS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ANUALIDADE 2010.

O Secretario da lectura á proposta da Alcaldía, que, literalmente, di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, proponho ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008 - 2011, da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2010, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Presuposto
SANEAMENTO I ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) EN XANCEDA	112.639,20 €	5.928,38 €	118.567,58 €

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico.

3º) Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

4º) *Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.*

5º) *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.*

6º) *Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súa obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

7º) *Facultar ó Sr. Alcalde - Presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.*

Mesía, a 23 de setembro de 2009. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que ésta é a terceira anualidade do Plan, que comprende a construción dunha estación depuradora para a rede de saneamento en Xanceda, que é unha obra necesaria, como as acometidas feitas o pasado ano, para deixar como urbano o núcleo de Xanceda.

Pregunta o Sr. Pedreira polo ámbito territorial da EDAR, respostando o Sr. Alcalde que é o núcleo de Xanceda, dunhos setecentos habitantes, si ben está prevista unha bifurcación que permitirá unha ampliación nun futuro. Pregunta o Sr. Pedreira qué pasa co resto do Concello, respostando o Sr. Alcalde que en principio non está previsto, estémonos centrando nos núcleos.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. MODIFICACIÓN ORDENANZA RECOLLIDA DE LIXO

O Secretario da lectura á proposta da Alcaldía, que, literalmente, di:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, considerando razóns sociais e benéficas propónse establecer unha tarifa bonificada na taxa de recollida de lixo para os usuarios que acrediten ingresos anuais non superiores á contía máxima da Pensión non contributiva, polo que propónse ó Pleno, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios, que se transcribe como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

TERCERO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

En Mesía, 23 de setembro de 2009 O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro

ANEXO:

Artigo 6.2. da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo e servizos complementarios.

Engádese o seguinte parágrafo:

6.2.1. Gozarán de tarifa reducida do 50% da tasa por recollida de lixo os usuarios que acrediten ingresos anuais non superiores á contía máxima da Pensión non contributiva (PNC), sendo imprescindible para a tramitación das solicitudes que o interesado presente a documentación acreditativa de tal circunstancia.

Se houberse varios membros na unidade de convivencia, presentarase documentación relativa a todos eles, ós efectos de determinar a capacidade económica da mesma, que será a resultante de dividir a renda conxunta entre o número de convivintes.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que con esta tarifa preténdese dalgún xeito mitigar as carencias de persoas desfavorecidas economicamente e actuar solidariamente nestes momentos de crise.

Pregunta o Sr. Álvarez canta senté se beneficiaría desta tarifa, respostando o Sr. Alcalde que non fixen o cálculo pero hai moita xente que nestes intreos ten dificultades.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

7. REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Secretario da lectura á proposta da Alcaldía, que, literalmente, di:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, sendo necesario a adaptación das ordenanzas municipais á nova lexislación reguladora da materia, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO: Aprobar inicialmente o Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Mesía, que se transcribe como anexo ó presente acordo, e que deroga á Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía aprobada polo Pleno do Concello o día 3 de abril de 2004 e publicada no BOP nº 142, de data 23 de xuño de 2004.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCERO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

*En Mesía, 23 de setembro de 2009.
O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro”*

ANEXO: REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE MESÍA.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

É obxecto deste regulamento, no marco das competencias municipais en materia de servizos sociais ó amparo do 25.2K) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a regulación do funcionamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía, de conformidade coa Lei galega de Servizos Sociais 13/2008 de 3 de decembro, Decreto 240/1995 de 28 de xullo de 1996 que regula os servizos sociais de atención primaria, a Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o decreto 143/2007 de 12 de xullo polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, o Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde de data 22/1/2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, publicada no DOG nº 22 de data 2/2/2009.

Artigo 2º.- Definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.
2. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:
 - a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
 - b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
 - c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
 - d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
 - e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
 - f) Retardar ou evitar a institucionalización.
 - g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 3º.-Contido do servizo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais do Concello de Mesía, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

c) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo regulados neste regulamento

En ningún caso realizaranse labores de: xardín e horta; alimentación e aseo de animais; limpeza de cristais, lámpadas, teitos ou paredes.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 4º.-Persoas destinatarias.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 5º.-Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 6º.-Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
8. Deberá estar presente no seu domicilio no horario fixado para a súa atención, sen que a auxiliar teña a obriga de permanecer a espera.
9. Non requirirá a atención da auxiliar fora da xornada de traballo establecida os cambios de horario faranse dende os servizos sociais.
10. Aceptar a auxiliar doméstica que se lle asigne.
- 11.- Compromiso de coñecer e acepta-lo contido deste regulamento.

Artigo 7º.-Causas de extinción e modificación do servizo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria. En este caso deberá asina-lo cesamento do servizo a petición propia.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello con baixa no padrón municipal de habitantes.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) Se existen casos prioritarios ou urxentes segundo a situación persoal, sanitaria e económica .
- i) Incumprimento das condicións establecidas no contrato.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 8º.-Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Capítulo II

Da prestación do servizo

Artigo 9º.-Formas de prestación do servizo.

1. O servizo público de axuda no fogar prestarase neste Concello, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 10º.- Requisitos específicos e de funcionamento.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. No desenvolvemento da prestación deste servizo intervirán:

1.1. **Traballador Social:** é o técnico dos Servizos Sociais de Atención Primaria que recibe a demanda, fai un estudo de valoración sobre a situación presentada, diseña un proxecto de intervención e é responsable do seguimento e avaliación do servizo, en coordinación co resto dos profesionais do equipo.

Son funcións súas:

- A programación xeral do servizo.
- A difusión e información sobre o mesmo.
- Recepción, estudo e estimación das demandas.
- Elaboración da proposta de concesión ou denegación.
- Deseño e programación da intervención.
- Seguimento dos casos atendidos.
- Avaliación e modificación do servizo.
- Coordinación dos demais profesionais.

1.2. **Auxiliares de Axuda no Fogar:** O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Son funcións súas:

- Asistencia de carácter persoal e doméstico.
- De orientación e información.
- Educativas.
- De colaboración co traballador social no seguimento e avaliación.

Deberes deste persoal son os seguintes:

- a) Ser respectuoso, evitando que a confianza co usuario e a familia deste interfira no seu traballo.
- b) Respetarase a intimidade do usuario, gardando unha absoluta confidencialidade: Non acudirá acompañado o auxiliar por ningunha persoa allea ó domicilio.
- c) Respetará as tarefas e o horario establecido no contrato do usuario, e non realizará cambios sen consultar co traballador social.
- d) Non realizará traballos a outros membros da familia distintos do usuario, aínda que convivan na mesma casa. Se son persoas maiores ou incapacitados, estudarase o caso dende os Servizos Sociais.
- e) Non se traballará no domicilio do usuario se este está ausente.
- f) Comunicarase a ausencia con antelación ó beneficiario e ó responsable do servizo.
- g) Non disporá das chaves de ningún domicilio, a excepción de que o caso así o esixa.
- h) Non se recibirán en custodia cartos, xoias ou outros obxectos.
- i) Tampouco bonificacións por parte do usuario: cartos, regalos etc.
- k) Non fará visitas ó domicilio do beneficiario fora do horario de traballo establecido.
- l) Queda a criterio do traballador social reforza-lo servizo con persoal de apoio: outra auxiliar mais, educador familiar, voluntariado etc).

En coordinación con estes traballadores poderían intervir outros profesionais (educador familiar, psicólogo, persoal sanitario...) os cales intervirán para cada caso cunha programación específica.

2. O Concello como entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o servizo se presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta abrirá un expediente



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social do Concello, consonte ó Anexo III deste Regulamento.
- b) Un proxecto de intervención, asinado pola Traballadora Social do Concello ou técnico responsable, que recollerá como mínimo a información contida no anexo VI deste regulamento.
- c) Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Mesía titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo IV deste regulamento .

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. O/a A Traballador Social do Concello de Mesía, como responsable técnico do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. Protocolo de actuación no caso de urxencias e de incidencias: os casos urxentes poderán ser atendidos sen necesidade de tramitación previa para acceso ao servizo previo informe do/a Traballador/a Social e con autorización da Alcaldía

De darse algunha incidencia na prestación do servizo o persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar porá e coñecemento do/a Traballador/a Social a mesma os efectos da súa resolución , estando autorizado/a o/a Traballador/a Social para adoptar as decisións necesarias fronte as mesmas , decisións que porá en coñecemento da Alcaldía .

5. Protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo: O /a usuario/a do servizo será informado polo/a Traballador/a Social da auxiliar que prestará o servizo no seu domicilio sen prexuízo de que polo/a Traballador/a social sexa comunicado por escrito o cambio da persoa auxiliar .

Artigo 11º.-Modalidades de acceso ao servizo.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos neste regulamento .

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos números 2º e 3º deste artigo empregarase o baremo recollido no Anexo V deste Regulamento.

Artigo 12º.-Criterios de organización e procedemento.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado pola Traballadora social do Concello .
2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
3. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:
 - a) O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e tendo en conta os baremos do anexo V deste regulamento. No acceso directo para persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, si ben se seguirá o procedemento de instrución sinalado para o acceso polo sistema de libre concorrencia aos efectos de completar a documentación e información precisa do expediente individual. As solicitudes (alta / baixa) estaran a disposición dos interesados nas oficinas dos Servizos Sociais do Concello de Mesía, tendo que aportar xunto coa solicitude que terá rexistro de entrada no Concello:
 - D.N.I, tarxeta de residencia ou pasaporte.
 - Llibro de familia.
 - Tarxeta sanitaria.
 - Informe médico do solicitante e dos familiares que conviven e precisen xustifica-la súa situación.
 - Xustificantes de ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia: fotocopia das declaracións da renda e patrimonio, certificados negativos ou declaración xurada de ingresos, xustificantes de pensións, prestacións, rendas de traballo etc.
 - Certificado de empadramento e convivencia.
 - Certificacións sobre a inclusión nos padróns municipais.
 - Calquera outro que se lle reclame dende os servizos sociais para a estimación da solicitude.
 - b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
 - c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso pola traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
 - d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais de atención primaria do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no pertinente acordo de servizo.
5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, sempre a proposta dos servizos sociais de atención primaria e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.
6. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.
7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, a Técnica/o Técnico de intervencións psicolóxico familiar.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Artigo 13º.-Intensidade na prestación do servizo.

1. O servizo prestarase, con carácter xeral, de luns a venres, cun máximo de dúas horas diarias, no horario comprendido entre as 8:00 horas e as 20:00 horas, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico correspondente.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.
4. A duración máxima de atención por familia será de 10 horas semanais de luns a venres de non estar comprendidos no apartado 2 deste artigo .
5. No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender tódalas demandas susceptibles de recibi-lo elaborárase unha lista de espera dacordo co criterio xustificado pola Traballador/a Social. Se os auxiliares de axuda no fogar están de baixa ou vacacións, a súa substitución quedará condicionada á disponibilidad do servizo e o usuario non terá que aboar o prezo público das horas non cubertas.

Artigo 14º.-Financiamento.

O servizo de axuda no fogar financiarase mediante achegas da Administración xeral do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello e das persoas usuarias.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía aprobada polo Pleno do Concello o día 3 de abril de 2004 e publicada no BOP nº 142 de data 23/6/2004.

Disposicións derradeira

O presente regulamento que contén 14 artigos, unha disposición derogatoria e unha final foi aprobado polo Pleno do Concello de Mesía en sesión ordinaria de data 26/09/2009 e entrará en vigor tras a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: FIXO: MÓBIL:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE OU GARDADOR/A DE FEITO.

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: FIXO: MÓBIL:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR.

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL

SOLICITO: horas á semana, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se achegan é verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Mesía para que realice as consultas precisas de ficheiros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Mesía a de do 20 .

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Asdo.:

ANEXO II

INFORME MÉDICO.

NOME E APELIDOS DO/A DOUTOR/A	Nº COLEXIADO/A
MOTIVO: Valoración de solicitude de axuda no fogar Centro de saúde de _____.	TELÉFONO:

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE.

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: FIXO: MÓBIL:

(MARCAR CUNHA X).

Padece enfermidade infecto-contaxiosa.	Si		Non	
Atópase inmovilizado na cama, precisando coidados médicos de maneira permanente.	Si		Non	
Presenta trastornos psíquicos graves que poden producir alteración na convivencia.	Si		Non	

SITUACIÓN FÍSICA/SENSORIAL.

Válese por si mesmo, segundo o seu estado físico para desenvolverse nas actividades normais da vida diaria.	Si		Non	
1.1- Limitacións no campo visual e/ou auditivo.	Non	Leve	Importante	Total
1.2- Incontinencia.	Non	Ocasional	Frecuente	Total
1.3- Dificultade no manexo das extremidades superiores.	Non	Leve	Importante	Total
1.4- Dificultade no manexo das extremidades inferiores.	Non	Leve	Importante	Total
1.5- Dificultade respiratoria.	Non	Leve	Moderada	Total

SITUACIÓN PSÍQUICA.

Válese por si mesmo, segundo o seu estado psíquico para desenvolverse nas actividades normais da vida diaria.	Si		Non	
2.1- Desorientación temporal-espacial.	Non	Leve	Importante	Total
2.2- Alteracións de percepción.	Non	Leve	Moderada	Importante
2.3- Incoherencia na comunicación.	Non	Leve	Moderada	Importante
2.4- Descontrol emocional.	Non	Lixeiro	Importante	Total
2.5- Trastorno da memoria.	Non	Leve	Moderada	Severa
2.6- Trastorno da conducta.	Non	Leve	Moderada	Grave

DIAGNÓSTICO (Especificarase o tratamento e a evolución).

Mesía a de do 20 .
Asdo.:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO III

INFORME SOCIAL.

Concello: Mesía. Motivo: Solicitud de Servizo de axuda no fogar. Teléfono:	Traballadora Social: Nº Colexiado/a:
--	---

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE.

NOME E APELIDOS:	DNI:
DATA DE NACEMENTO:	Nº DA SEGURIDADE SOCIAL:
ENDEREZO:	TELÉFONOS:

1.COMPOSICIÓN DO GRUPO DE CONVIVENCIA.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	PROFESIÓN
	Solicitante			

2.FAMILIARES OU PERSOAS ACHEGADAS NON CONVIVENTES.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONOS:

3.SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR.

3.1. Situación familiar.

- Vive con parella e/ou familia sen conflito.
 Vive con parella e/ou familia con conflito.
 Vive con parella e/ou familia e/ou outros, pero non poden ou non queren atendelo/a,
Causas: _____
 Vive só/a, con fillos e/ou familiares próximos que no cobren as súas necesidades,
Causas: _____
 Vive só/a.

3.2. Relacións e contactos sociais.

- Mantén relacións sociais fóra do domicilio con normalidade.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Relaciónase só coa súa familia ou veciños/as, aínda que sae da casa.
- Só se relaciona coa súa familia, raramente sae da casa.
- Non sae do seu domicilio, recibe familia ou visitas (> 1 por semana).
- Non sae do seu domicilio, nin recibe visitas (< 1 por semana).

3.3. Apoios/rede social.

- Non precisa ningún apoio.
- Recibe apoio da familia e/ou veciños/as.
- Recibe apoio social formal suficiente (centro de día, Traballador/a familiar...).
- Ten soporte social pero é insuficiente.
- Non ten ningún soporte social e precisao.

4.SITUACIÓN SOCIOPERSOAL E FUNCIONAL DO SOLICITANTE CON RELACIÓN Ó CONTIDO DO PROGRAMA.

- Se existen conflitos na familia (explicalos brevemente).

Causas: _____.

- Se existen persoas con limitacións de tempo para realizar as tarefas de coidado.

Se existen dificultades por parte do/a solicitante para desenvolver as tarefas esenciais ou instrumentais da vida diaria.

- Se existe desestructuración familiar (explicar brevemente as razóns ou motivos)

Causas: _____.

(1) Indicar cal é o membro da familia, ou persoa, que asume o rol de coidador/a principal, en caso de que exista.

5.SITUACIÓN ECONÓMICO-LABORAL DO/A SOLICITANTE.

INGRESOS NETOS (pensións, prestacións económicas, retribucións pecuniarias,...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
CAPITAL MOBILIARIO (xuros, venda de valores, letras do tesouro .../accións, contas correntes ...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
OUTROS RENDEMENTOS (capital mobiliario, actividades económicas ...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
BENS INMOBLES CONCEPTO	VALOR CATASTRAL



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR

6. CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA.

6.1. Tipo de vivenda

- Piso.
 Vivenda unifamiliar.
 Infravivenda/chabola.
 Outros (especificar) _____.

6.2. Réxime de tenza

- Propia.
 Propia con préstamo hipotecario. Gasto mensual _____.
 Alugada. Gasto aluguer _____.
 Cedida.
 Outros (especificar) _____.

6.3. Equipamento e adaptabilidade

<input type="checkbox"/> Calefacción. <input type="checkbox"/> Teléfono. <input type="checkbox"/> Ascensor. <input type="checkbox"/> Auga corrente. <input type="checkbox"/> Auga quente. <input type="checkbox"/> Luz eléctrica. <input type="checkbox"/> Retrete. <input type="checkbox"/> Cuarto de baño.	Barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/> SI. <input type="checkbox"/> NON. Indicar cales:
6.4. Características da zona. Localización da vivenda. <input type="checkbox"/> Núcleo urbano. <input type="checkbox"/> Fora do núcleo urbano. <input type="checkbox"/> Zona rural. <input type="checkbox"/> Zona rural illada.	Accesibilidade, medios de comunicación ós equipamentos e servizos. <input type="checkbox"/> Proximidade. <input type="checkbox"/> Pouca distancia/accesos aceptables. <input type="checkbox"/> Distancia media/accesos con certas deficiencias. <input type="checkbox"/> Moita distancia/vías de acceso deficientes.

7. DATOS DE SAÚDE.

Especial referencia á existencia de persoas con dependencia ou discapacidade na unidade familiar.

8. OUTROS DATOS DE INTERESE RELACIONADOS CO OBXECTIVO DO INFORME.

Se o/a solicitante ten outros apoios informais de interese para a súa situación, etc.

9. INTERPRETACIÓN E VALORACIÓN PROFESIONAL.

En Mesía a _____ de _____ do 20 ____ .
Asdo.: O/A traballador/a social.

Esta información remítoa para que teña os efectos oportunos e dado que contén datos de carácter persoal, está amparada pola LOPD (Lei Orgánica 15/1999).



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO IV

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordo de Servizo.

Reunidos eno día
..... dunha parte
don/dona.....con DNI:.....

E doutra, en
calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de
.....

ACORDAN:

1. Que o Concello de _____ /a entidade prestadora
....., prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á
persoa arriba citada, dende o día _____ do _____ de 200__.
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará por un prazo de
_____, con posibilidade de prórroga segundo
valoración técnica do departamento de Servizos Sociais/da Entidade
prestadora acreditada
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana _____,
en horario de _____; por un total de ____ horas semanais.
4. Que atendendo á Orde do ---- de ---- que regula o Servizo de Axuda no
Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á
aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a
aportar _____ euros mensuais como contribución ao custe do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no
punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta
autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as
actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as
seguintes:
 - Atencions de carácter persoal
 - Atencions de carácter apoio psicosocial
 - Atencions de carácter doméstico



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO V

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria).

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos).

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%	25-39 pts BVD	81%- 87%	50-64 pts BVD	88%-93%	75-89 pts BVD	94%-100%	Grao de discapacida de en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapa cidade e ata 14 pts ATP		75%- 100% disca pacidade e 15-29 pts ATP		75%- 100% disca pacidade e 30-44 pts ATP		75%-100% disca pacida de e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapaci dade e ata 24 pts BVD	40-49 pts BVD	65-74 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)			
			Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	Situación de dependencia. Decreto 176/2007
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal

Total puntos autonomía persoal _____

Puntos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos).

	Puntos
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____	<input type="text"/>
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) _____	<input type="text"/>
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	<input type="text"/>
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con incapacidade para organizarse (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) _____	<input type="text"/>
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) _____	<input type="text"/>
Está ben atendido (0 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos apoio social _____	Puntos <input type="text"/>

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) _____	<input type="text"/>
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) _____	<input type="text"/>
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) _____	<input type="text"/>



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)

Puntos

- Un menor (3 puntos) _____
- Dous menores (5 puntos) _____
- Tres menores (7 puntos) _____
- Catro ou máis menores (10 puntos) _____

Total puntos situación familiar/socialización menores _____ **Puntos**

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

- Non hai luz eléctrica (1 punto) _____
- Non hai auga corrente (1 punto) _____
- Non posúe WC (1 punto) _____
- Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) _____
- Non ten neveira (1 punto) _____
- Non ten quentador (1 punto) _____
- Non ten lavadora (1 punto) _____
- Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____
- Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) _____
- Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) _____

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

Puntos

- Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) _____
- Ausencia de relacións sociais (6 puntos) _____
- Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) _____
- Integración axeitada no contorno (0 puntos) _____

Total puntos outros aspectos sociais _____ **Puntos**

TOTAL XERAL _____ **Puntos**



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO VI

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proxecto de Intervención

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente ¹	Intervención n^o ²	Data de solicitude	Data de Inicio	
Sector de Referencia ³	Ámbito de Atención ³	Nº Total de Usuarios		
Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil
Proxecto	Data do Proxecto	Data Fin de Proxecto		

Antecedentes relevantes:

2.-Atención a prestar

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D	Nº de horas semanais	Horario

Tipo de servizo a prestar ⁴

Perfil dos/as profesionais

Outros servizos:

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4.-Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

5.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

Asdo.:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO VIII: NOTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

D/Dona _____.
Con DNI nº: _____.
Enderezo de notificación: _____.
En representación de _____.
Con DNI nº: _____.

Estudada a súa actual situación como beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar, foi ditada a seguinte resolución:

“A modificación da prestación da que era beneficiario, polos motivos que a continuación se citan”:

O que se lle comunica para o seu coñecemento.

Mesía a, ____ de _____ do _____.

O Secretario:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO IX: NOTIFICACIÓN DA SUSPENSIÓN PROVISIONAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

D/Dona _____.
Con DNI nº: _____.
Enderezo de notificación: _____.
En representación de _____.
Con DNI nº: _____.

Estudada a súa actual situación como beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar, foi ditada a seguinte resolución:

“A suspensión provisional da prestación da que era beneficiario, polos motivos que a continuación se citan”:

O que se lle comunica para o seu coñecemento.

Mesía a, ____ de _____ do _____.

O Secretario:

Asdo.: _____.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO X: NOTIFICACIÓN DA COMUNICACIÓN DA EXTINCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

D/Dona _____.
Con DNI nº: _____.
Enderezo de notificación: _____.
En representación de _____.
Con DNI nº: _____.

Estudada a súa actual situación como beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar, foi ditada polo Sr. Alcalde, a seguinte resolución:

“A extinción da prestación da que era beneficiario, polos motivos que a continuación se citan”:

O que se lle comunica para o seu coñecemento.

Mesía a, ____ de _____ do _____.

O Secretario:

Asdo.: _____.

Mesía a, ____ de _____ do _____.

O ALCALDE:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que tanto este acordo como o próximo veñen motivados pola nova regulación autonómica desta materia, que esixe unha adaptación da normativa municipal. Xa se lles remitiu unha copia dos textos coa orde do día, polo que paso a palabra ós voceiros dos grupos municipais por si queren comentar algunha cuestión.

Sinala o Sr. Pedreira que lles parece moi ben, e, asimesmo, o Sr. Álvarez manifesta a conformidade do seu grupo coa mesma.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

8. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, sendo necesario a adaptación das ordenanzas municipais á nova lexislación reguladora da materia, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO: Aprobar inicialmente a Ordenanza nº 9, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, que se transcribe como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCERO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

En Mesía, 23 de setembro de 2009 O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro

ANEXO: ORDENANZA Nº 9 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Art. 1º.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

Art. 2º.- Concepto.

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará pola prestación do servizo de axuda no fogar a través dos servizos sociais municipais, de conformidade coa ordenanza municipal reguladora do devandito servizo.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Art. 3º.- Obrigados ó pagamento

1. Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de acordo có establecido na ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Se considera persoa usuaria do servizo aquela para a cal se solicita o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

Art. 4º.- Contía do prezo público.

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza se corresponde cunha tarifa de 11,00 € por cada hora de prestación do servizo. Aplicarase anualmente o IPC correspondente. As porcentaxes de participación das persoas usuarias serán as seguintes:

CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA DO SERVIZO	POCENTAXE A ABOAR
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	Servizo gratuito
Superior ao 100% ata o 150% do IPREM	10%
Superior ao 150% ata o 200% do IPREM	12%
Superior ao 200% ata o 250% do IPREM	15%
Superior ao 250% ata o 300% do IPREM	20%
Superior ao 300% ata o 350% do IPREM	28%
Superior ao 350% ata o 400% do IPREM	37%
Superior ao 400% ata o 450% do IPREM	45%
Superior ao 450% ata o 500% do IPREM	60%
Superior ao 500% do IPREM	65%

2. A capacidade económica da persoa usuaria do servizo se determinará de acordo cos puntos que se indican a continuación:

2.1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

2.2. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais

2.3. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitulariade só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

2.4. No caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

2.5. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas, e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2.6. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5 % do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

2.7. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

2.8 Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como a renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas

3. Sen prexuízo do disposto anteriormente, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

4. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como a renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas.

Art. 5º.- Xestión.

1.A obriga de pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza comeza desde que se inicie a prestación do servizo.

2. As liquidacións practícaranse por meses naturais, e deberán ser aboadas polas/os usuarias/os nos primeiros 5 días hábiles do mes inmediato seguinte, mediante cargo na conta corrente que a/o usuaria do servizo indicará no modelo oficial de solicitude, ou ingreso en calqueira das entidades colaboradoras có Concello de Mesía.

3. O impago excepcional dunha mensuralidade suporá, en caso de xustificación motivada polo usuario do servizo ao departamento de Servizos Sociais, a acumulación da mensuralidade a pagar no mes seguinte. Se a mensuralidade acumulada fose obxecto de impago novamente, procederase á extinción do servizo.

O impago exceocional dunha mensuralidade sen xustificar por un tempo superior a 30 días suporá a extinción do servizo.

A falta de pagamento dos prezos suporá a esixibilidade destes en vía de constrinximento.

4. Aos efectos de practicar a correspondente liquidación para cada un dos usuarios/as do servizo de axuda a domicilio se deberá emitir un informe asinado polo responsable do departamento de servizos sociais, no que se acrediten o número de horas de servizo prestadas no mes ao que se refire a liquidación así como a capacidade económica a cal debe ser calculada tendo en conta o sinalado na presente ordenanza.

A liquidación resultante será aprobada polo Alcalde mediante resolución.

Disposición final.

Esta ordenanza consta de 5 artigos e unha disposición final e foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión do día vinteseis de setembro de 2009.

A presente Ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que o servizo préstase actualmente a corenta e dúas persoas, das cales ste é pola Lei de dependencia, e só trinta e unha persoas van pagar unha porcentaxe do dez por cento, mentres que once persoas estarán exentas de pago. Isto suporía unhas ingresos para o Concello dunhas doce mil euros; nembargantes, o servizo supón un gasto para o concello dunhas cento vinte mil euros, o que indica unha forte aposta nesta materia, que este grupo de goberno considera un pilar básico na xestión municipal. Paso a palabra ós voceiros dos grupos municipais.

Sinala o Sr. Pedreira que lle parece unha contía razoable, é un custo homónimo ó que ten a maioría dos concellos.

Pola súa banda, o Sr. Álvarez manifesta que lle parece un prezo razoable e axeitado.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

9. MOCIÓNS

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Toma a palabra o Sr. Bello, manifestando que o seu grupo ten presentadas no Rexistro do concello tres mocións, mocións que se están presentando en todos os concellos. Unha sobre a gratuidade dos libros de texto, outra sobre o tema dos voluminosos e outra sobre o bono social da tarifa eléctrica, si ben, respecto desta última, esperamos ó que nos diga o Sr. Alcalde respecto as actuacións feitas polo Concello.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde para que proceda a expoñer brevemente o contido da primeira. Toma a palabra o Sr. Bello e sinala que esta primeira moción vai sobre a gratuidade dos libros de texto. Co cambio de goberno na Xunta houbo un cambio de política educativa e somos moi críticos coa nova estratexia do Partido Popular e o seu tratamento á lingua galega, xa que parece que se quere facer un problema coa lingua. O sistema do bipartito de compartir os libros de texto supuxo unha mellora ecolóxica e pedagóxica moi axeitada. Os libros poderían ser absolutamente gratuitos e apoiar ás persoas mileuristas, cuxa aportación quedaría reducida ó cincuenta por cento. Consideramos que o que se está a facer desde a Xunta é un paso atrás neste tema.

De seguido, intervén o Sr. Álvarez manifestando que non se sabe si estamos a falar do conflito lingüístico ou do tema da gratuidade dos libros de texto. Non veo a urxencia. A miña experiencia di que ó tema dos libros hai que darlle moitas voltas e a realidade é o uso que se lles da ós libros, porque os libros se devolvían como se devolvían e mesmo os pedagogos non se poñen de acordo en canto o tema de si é bo suliñar os libros ou non. Coido que faltan datos para analizar este tema.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e sinala que non me parece ben votar sobre o fondo do asunto sen que o resto dos concelleiros teñan coñecemento do mesmo.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sométese a votación a urxencia da moción co seguinte resultado: dous votos a favor, correspondentes ós concelleiros do BNG e nove votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PsdeG-PSOE e do PP, polo que non se estima a urxencia da moción.

Respecto da segunda moción, relativa ó bono social da tarifa eléctrica, manifesta o Sr. Alcalde que desde o departamento de servizos sociais se fixo o oportuno para informar e colaborar coa xente.

Sométese a votación a urxencia da moción co seguinte resultado: dous abstencións correspondentes ós concelleiros do BNG e nove votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PsdeG-PSOE e do PP, polo que non se estima a urxencia da moción.

Respecto da terceira moción, relativa o tema de deixar a recollida de voluminosos por parte de SOGAMA, manifesta o Sr. Alcalde que comparto a moción ó cen por cen, e a propia Mancomunidade de Ordes xa se manifestou neste sentido. Hai moitos concellos na mesma situación co noso. É máis, agardamos a posibilidade de que se instale no noso concello un punto limpo.

Sométese a votación a urxencia da moción co seguinte resultado: dous abstencións correspondentes ós concelleiros do BNG e nove votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PsdeG-PSOE e do PP.

Propón o Sr. Alcalde que na vindeira sesión se traslade copia das mocións a todos os concelleiros para tratar os temas con máis coñecemento, o que lles parece ben a todos os concelleiros presentes.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN (14/2009) E DECRETOS DE ALCALDÍA (204/2009 a 315/2009).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Pedreira pola Resolución 14, relativa a acción veciñal, sinalando o Sr. Alcalde que se refire ás subvencións outorgadas polo concello a actividades culturais, sociais e deportivas, dando lectura á mesma.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

11. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 18 DE XUÑO DE 2009 ATA O 27 DE AGOSTO DE 2009.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

12. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr: Alcalde concede a palabra ó Sr. Pedreira Candal, quen pregunta polo depósito de auga en Ponte Caínzos, respostando o Sr. Alcalde que fan falta moitas cousas para acometelo, xa que nesa zona, unha parte está concentrada e outra está sen concentrar, ademáis hai unha protección de Patrimonio; nembargantes, umha persoa cedeu os douscentos metros necesarios para construír a ponte. O tema do punto de auga non o abordei, porque non temos propiedade, polo que haberá que esperar a ver como queda o outro lado logo da concentración.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen pregunta pola pista dos Ricos á Fraga, ó que resposta o Sr. Alcalde que en canto se desbroce e esté todo limpo, xa veremos o que se pode facer.

Pregunta asimesmo o Sr. Álvarez polo tema das beirarrúas en Visantofña, respostando o Sr. Alcalde que xa mandei un dossier elaborada pola arquitecta do concello sinalando todas as deficiencias da obra e establecendo medidas correctoras. Quedou eo Xefe Territorial en mirar o tema, así que estamos ahí, esperando.. Pregunta o Sr. Álvarez se podería ter acceso ó dossier enviado, respostando o Sr. Alcalde que sí.

Pregunta o Sr. Álvarez polo arranxo da carretera de Mesía a Curtis por Cabrui, se é iso todo o que se vai facer, xa que non me parece que quede xeitoso, e si xa cede o terreo agora, coas xeadas pode haber moitos problemas. Resposta o Sr. Alcalde que sí, que iso é todo, non se vai a aglomerar, pero trátase dunha obra moi difícil porque non hai terreos. Xa se colleron 50 cm. Por cada lado e seguramente haberá que darlle varios repasos, e donde ceda o terreo, faremos as correspondentes reposicións.

Pregunta o Sr. Álvarez polo tema das entradas ás fincas, respostando o Sr. Alcalde que puxémomonos en contacto coa xente desde Mesía a Cova de Vales porque tense que poñer un salvacunetas, e a xente o que terá que facer é poner tubos.

Pregunta o Sr. Álvarez si o Sr. Alcalde tivo xa unha xuntanza cos novos responsables do Consorcio, para tratar o tema do Centro de Día, respostando o Sr. Alcalde que que non sabemos aínda nada, considero que se está a ter con nos un trato discriminatorio, así que a ver si vostede pode facer algo, ó que resposta o Sr. Álvarez que tratará de facer as xestións oportunas.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dez horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.